



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN DE CARÁCTER XERAL E ESPECÍFICO NO ÁMBITO DA IGUALDADE DE XÉNERO

En Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2018

REUNIDAS

Dunha parte **Dña. Susana López Abella**, secretaria xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en virtude do seu nomeamento mediante Decreto 160/2016, do 24 de novembro (DOG n.º 226, do 25 de novembro) de conformidade coas facultades que ten atribuídas polo Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza;

Doutra, **Dña. Sonia Rodríguez-Campos González**, directora da Escola Galega de Administración Pública (en adiante EGAP), nomeada polo Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG nº 134 do 13 de xullo), actuando en nome e representación da EGAP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente **Convenio de Colaboración**, e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

SEGUNDO.- Que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

TERCEIRO.- Que segundo o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndenlle, entre outras funcións, promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e accións no eido da eliminación da violencia de xénero, segundo o disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais



da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Así mesmo o Decreto 72/2013, de 25 de abril, atribúe á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración Autonómica en materia de igualdade, a función de propor medidas, programas e normas dirixidas á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos. Dentro dese marco xeral de actuación está a colaboración coas entidades locais a través dos centros de información ás mulleres acreditados conforme ao disposto no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, coa finalidade de garantir a prestación dun servizo de atención ás mulleres que lles proporcione asesoramento xurídico e psicolóxico, información sobre recursos específicos para mulleres, así como o desenvolvemento de actividades formativas vinculadas a empregabilidade feminina e calquera outra actividade que teña como obxectivo prioritario a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

CUARTO.- A Resolución do Director da EGAP, do 4 de xaneiro de 2008, pola que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública, publicada no DOG. Núm. 7, do 10 de xaneiro de 2008, establece no seu artigo primeiro que, tendo en conta os convenios que se subscriban para este efecto, poderá participar nas actividades da EGAP, o persoal dependente do Parlamento de Galicia, do Valedor do Pobo, do Consello de Contas, do Consello Consultivo; o persoal da Administración das tres universidades galegas e o doutras entidades, organismos e empresas públicas, así como outros colectivos de interese para a Administración, cando así se estableza nas respectivas convocatorias, que poden fixar cotas para cada Administración.

QUINTO.- Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador a través deste convenio.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas dúas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto deste convenio entre a EGAP e a Secretaría Xeral da Igualdade, é a participación nas actividades da EGAP do persoal que desenvolve as súas funcións nos centros de información ás mulleres acreditados segundo o disposto no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, así como a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da



competencia das institucións asinantes; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

SEGUNDA.- Actuacións.

A EGAP e a Secretaría Xeral da Igualdade, en virtude do disposto neste convenio, poderán colaborar en actividades relacionadas coa realización de formación, divulgación e investigación no ámbito das súas competencias.

As modalidades de colaboración poderán consistir en:

- a) A participación nas actividades da EGAP do persoal dependente da Secretaría Xeral da Igualdade, que fará a selección do referido persoal para cada actividade concreta, de conformidade co disposto na Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG nº 7 de 10 de xaneiro de 2008); selección que comunicará á EGAP.
- b) A realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación.
- c) A edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo. Ambas as dúas institucións comprométese a remitir un exemplar das súas publicacións periódicas á Biblioteca da outra, para a súa difusión.
- d) A promoción da actividade investigadora de ambas as dúas institucións mediante proxectos de investigación conxuntos.
- e) Cantas outras sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Requisitos e documentación que está obrigada a achegar a entidade promotora da acción formativa.

1. En aplicación do previsto na Resolución do 19 de novembro de 2008 pola que se establecen o procedemento e os requisitos de homologación de accións formativas por parte da Escola Galega de Administración Pública (DOG do 3 de decembro) as entidades promotoras de accións formativas deberán remitir ao Servizo de Programación das actividades de Formación da EGAP con dous meses de anticipación ao inicio da acción formativa unha memoria explicativa na que se faga referencia aos seguintes extremos:

- A. Indicación da persoa responsable da tramitación ante a EGAP.
- B. Denominación, obxectivo e metodoloxía da acción formativa. A impartición de actividades na modalidade de teleformación deberá adecuarse aos estándares fixados pola EGAP.
- C. Programa e número de horas lectivas.
- D. Lugar, data e horario de realización.
- E. Sistema de avaliación do alumnado.
- F. Criterios de selección que terán que axustarse a criterios obxectivos tendo en conta a relación do contido da acción coas tarefas do posto desempeñado. Subsidiariamente empregaranse os da Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG



do 10 de xaneiro), pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades docentes da EGAP.

G. Destinatarios, número de asistentes. Debe ser preferentemente persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia.

H. Perfil do profesorado que impartirá as clases. Se están determinados, unha relación dos docentes cos seus currículos e con indicación da súa inscrición no Rexistro de Formadores da EGAP.

2. Unha vez recibida a memoria, a EGAP a examinará e comprobará o cumprimento dos anteditos requisitos. No caso de que se cumpran, así llo comunicará a entidade promotora quen a continuación deberá manifestarlle a EGAP o prazo de matrícula cunha antelación suficiente ao comezo da acción formativa de cara a que a EGAP poida publicar no *Diario Oficial de Galicia* e/ou na páxina web da EGAP a convocatoria da actividade formativa e os/as alumnos/as poidan matricularse, o que deberán facer na área de matrícula da EGAP <http://egap.xunta.es/matricula>.

3. Así mesmo, segundo o establecido na antedita resolución, as entidades promotoras de accións formativas deberán remitir ao Servizo de Programación das actividades de Formación da EGAP, no momento de finalizar a actividade formativa, e no prazo máximo de dous meses, unha memoria- resumo que faga referencia aos seguintes aspectos:

a) A relación de docentes cos seus respectivos currículos para o caso de que non estiveran determinados/as no momento de presentarse a memoria anterior.

b) Relación certificada de participantes que cumpran os requisitos necesarios para ter dereito á expedición do certificado. Para os efectos de obtención do certificado de aproveitamento, relación certificada de participantes indicando a avaliación do alumnado.

c) Copia do material didáctico empregado. No caso de actividades de teleformación, ademais facilitarase a EGAP durante o desenvolvemento do curso un acceso a elas na plataforma correspondente.

d) Resultado global das enquisas de valoración realizadas polos/as participantes.

e) Controis de asistencia. Para os efectos da expedición dos certificados, son de aplicación os requisitos de asistencia previstos pola EGAP

CUARTA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento.

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Nesta comisión actuarán como representantes por parte da EGAP, a persoa responsable da secretaría xeral e un xefe ou xefa de servizo da mesma que designe a súa directora, ou persoas en quen deleguen; e por parte da Secretaría Xeral da Igualdade dependendo da materia de referencia, un/unha subdirector/a xeral e un/unha xefe/a de servizo ou coordinador/a técnico/a que designe a súa secretaria xeral, ou persoas en quen deleguen.



Serán funcións desta Comisión de seguimento:

- 1.- Velar polo cumprimento do convenio.
- 2.- Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas deste convenio.
- 3.- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- 4.- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- 5.- En xeral, as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, lle atribúe o órgano de vixilancia e control.

QUINTA.- Orzamento.

A sinatura deste convenio non implica, polas partes asinantes, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

SEXTA.- Inexistencia de relación laboral.

A subscripción deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a EGAP.

SÉTIMA.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual.

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio, son titularidade conxunta da EGAP e da Secretaría Xeral da Igualdade.

As partes necesitan a autorización expresa da outra para proceder á edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato ou soporte, do resultado e dos materias froito do desenvolvemento do proxecto.

OITAVA.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio.

As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar este convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

NOVENA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do



procedemento administrativo común das Administracións Públicas, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas, polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire a publicidade deste convenio.

De conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do sector público autonómico, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste convenio de colaboración, serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdiccional do contencioso- administrativo.

DÉCIMA.- Consentimento das partes en materia de protección de datos.

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e maillo resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas deste consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal

UNDÉCIMA.- Vixencia.

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2018, podendo prorrogarse por mutuo acordo das partes antes da súa finalización, ou de cada unha das súas prórrogas, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Pola Secretaría Xeral da Igualdade,

Dña. Susana López Abella

Pola Escola Galega de
Administración Pública,

Dña. Sonia Rodríguez-Campos González